# DE VACAS



Son catro vacas.
Catro vacas que rin e cantan.
Presentan un espectáculo fresco como a auga dos regos.
Desfrutan enriba do escenario para que vós desfrutedes.
Mestura de voces e guitarra, harmonías que estimulan os sentidos.
Cantan en tódolos idiomas do mundo, pero aman aos nosos poetas por riba de todo, como Enrique Igrexas. Rescatan retrousos esquecidos,tarareos que foran populares nas voces de Cristina da Aguieira ou Mónica da Laranxeira.




Veñen de facer unha xira mundial con centos de concertos, por toda a xeografía galega, dende Xixón a Vilapene. Grandes festivais, sesións vermú ou verbenas. Encheron as prazas de Ourense, de Viveiro, de Rianxo, de Compostela… prazas de vacas, ateigadas de música e risas. O mesmo pasou nos teatros, con plateas e galiñeiros desbordados!



Pero non só iso.
Gañaron os Premios Martín Codax da Música, na categoría de Coros e Música Vocal, no ano 2016 e o Premio Territorio Violeta de la Ferla de Teatro de Castilla y León 2018.



Fixeron o show musical de diversas galas e eventos, entre eles os Premios da Cultura Galega e o TEDx Galicia no ano 2016, ou a Gala do Libro Galego no 2017.
Crearon bandas sonoras para programas de radio e televisión (Galicia por diante, Buscando Ardebullo, Especial 25 de Xullo).
Foron voz tamén do himno do Festival de Cans, e crearon un tema homenaxe a Emilia Pardo Bazán para a Real Academia Galega.
Recentemente veñen de crear a música para a campaña publicidade de Nadal de Vegalsa-Eroski.
Saíron na tele en programas como Land Rober, Luar, Bamboleo, ou Con Amor e Compañía.



O clímax alcanzárono co videoclip do Amodiño, que ten máis de 500.000 reproducións e estase a converter nun himno de masas.
Pecharon o telediaro de Tele 5 con el, e ata Paula Vázquez traduciu a súa letra do galego ao castelán na Cadena Ser, para que todo o mundo puidera entendela.
Son catro vacas que rin e cantan.
Puro deleite musical.
Ven pacer con elas!

*ESPECTÁCULO RECOMENDADO POLA REDE ESPAÑOLA, NO CADERNO RECOMENDADOS MÚSICA OUTUBRO 2018*

COMISIONES ARTÍSTICAS DE LA RED



DE VACAS

**www.devacas.gal**
**www.facebook.com/devacasdv/**
**www.instagram.com/devacas/**
**twitter.com/devacasdv**



## DISTRIBUCIÓN E CONTRATACIÓN


Kandengue Arts
Contacto: María Mariño
Tfno.: +34 698147660
Mail: kandenguearts@gmail.com